



PROTOCOLO DE MEDIDAS DE PREVENCIÓN

PROCESO SELECTIVO DE

VIXIANTE DE OBRAS

CONCELLO DE REDONDELA

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Introdución

O Concello de Redondela leva a cabo distintos procesos selectivos de persoal para cubrir distintos postos no Concello, así como bolsas de traballo.

Tendo en conta a situación actual de pandemia causada polo SARS-CoV-2, o decaemento do estado de alarma debe levar consigo a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria, polo que o afrontamento da crise seguirá efectuándose en Galicia a Administración autonómica no pleno exercicio das súas competencias, de acordo coas potestades que lle recoñece a lexislación sanitaria e de emerxencias.

Esta administración autonómica ven a publicar distintas normas, tales como, Decretos e ordes onde se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, e se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma.

A súa eficacia vira determinada en cada momento por a Xunta de Galicia, na normativa que se publique en cada situación.

A citada normativa recollera en cada momento as características e medidas preventivas a ter en conta na: *“Realización de procesos selectivos polas administracións públicas e entidades do sector público”*.

A realización de procesos selectivos poderá desenvolverse sempre que os asistentes permanezan sentados e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1'5 m en todas as direccións, cun límite máximo de persoas aspirantes establecido na norma.

Tendo en conta o exposto elaborase o seguinte protocolo de medidas preventivas.

1. Obxecto do protocolo

O obxecto de este protocolo é establecer as pautas de actuación e as medidas preventivas a aplicar por parte do Concello de Redondela no proceso selectivo de "Vixiante de obras" que se levara a cabo o luns **día 27 de setembro de 2021**, co fin de evitar as posibilidades de contaxio por Coronavirus Sars-Cov-2, covid-19.

2. Características do evento

- a) O evento consistira nun proceso selectivo de "Vixiante de obras", no que participaran 34 aspirantes, 5 persoas como membros do tribunal e 2 como persoal de apoio.
- b) O lugar de orixe e procedencia das persoas asistentes e toda a comunidade autónoma con idades comprendidas entre 16 e 65 anos e condicións de saúde "sans".
- c) O proceso selectivo desenvolverase nas instalacións do pavillón polideportivo de Redondela "A Marisma" nas inmediacións da pista deportiva, que conta con unhas dimensións de 1.542,43 m².
- d) O control de aforo estará determinado e limitado as persoas inscritas en dito proceso selectivo por rigoroso control con DNI.
- e) A interacción entre as persoas asistentes será practicamente nula, dado que unha vez dentro da instalación, a que accederán de forma graduada, se situara cada persoa nunha mesa individual con separación entre as mesas de como mínimo 1'5 metros en todas as direccións.
- f) O acceso a instalación se fará de xeito graduado mantendo a distancia de seguridade e por unha única porta, previa parada na mesa de control de DNI e hixiene de mans con solución hidroalcohólica.
- g) Tamén se procedera a entrega de unha máscara quirúrxica, a quen non dispoña dela que deba ser colocada ao entrar no exame dunha maneira adecuada cubrindo dende o nariz ata o queixo.
- h) Si o aspirante, por prescrición médica, estivera exento do uso da máscara, deberá comunicar esta circunstancia o Servizo de Persoal e aportar o informe médico correspondente para súa valoración e toma das medidas pertinentes.
- i) En ningún momento se compartirán obxectos ou materiais.
- j) Non se poderán consumir alimentos nin bebidas, excepto auga, que levara cada persoa.

- k) A proba terá unha duración máxima de **60 minutos**. Na que os participantes iran saíndo a medida que vaian terminando.
- l) A saída da instalación farase polas portas indicadas o seu efecto.
- m) As portas de acceso e saída da instalación permaneceran abertas todo o tempo para asegurar a adecuada ventilación, así como tamén as ventás.

Este evento se considera de baixo risco dado que se dan as circunstancias de que a maioría dos participantes proceden da mesma area xeográfica, sen participantes vulnerables, non se fan actividades de risco, non se comparten materiais, os participantes manteranse sentados en todo momento sen que se produzan desprazamentos dentro da instalación, así como o reducido número de persoas participantes en proporción o espazo dispoñible e que a duración da proba será 60 minutos.

3. Capacidade para adoptar as medidas de prevención e control

- a) A organización do proceso terá información suficiente das persoas asistentes o proceso selectivo, estando todas elas identificadas e controladas.
- b) As persoas asistentes o proceso selectivo accederan a instalación por unha **única porta "Porta Principal"**. O chamamento farase por orde alfabético empezando pola **letra Y**.
- c) Unha vez dentro as persoas asistentes se situaran e colocaran nas mesas por orde alfabético en función de como vaian entrando, de tal xeito que si despois de finalizado o proceso se detectara algún positivo por covid-19 poida ser localizada e identificadas as persoas mais próximas no momento do proceso, sen prexuízo das normas de protección de datos.
- d) A organización da proba manterá, despois do proceso selectivo un rexistro de asistentes debidamente custodiado durante un período de tempo, cumprindo coas normas de protección de datos, de carácter persoal.
- e) As instalacións onde se celebrara o proceso selectivo serán desinfectadas previamente a realización do mesmo (mesas, cadeiras, etc), así como os baños.
- f) Estarán indicados os espazos de tránsito para entrada e saída da instalación.
- g) Se disporá de auga e xabón nos baños así como papel de mans dun so uso, solución hidroalcohólica e papeleira con tapa e pedal. Se indicara a entrada dos mesmos o aforo permitido.
- h) Será obrigatorio en todo momento o uso da máscara, e mantemento da distancia de seguridade de o menos 1'5 m.
- i) Os membros do tribunal estarán colocados e dispostos mantendo a distancia mínima de seguridade de 1'5 m en todas as direccións e levaran a máscara en todo momento.

- j) O persoal de apoio indicara os asistentes o espazo a ocupar, e outras tarefas que se lle poidan encomendar, po lo que ira provisto de mascara, mantendo a distancia de seguridade.
- k) Cada persoa asistente o proceso selectivo traerá o material que precise para a proba o cal estará establecido se lle permite usar.
- l) As medidas preventivas, de comportamento e seguridade deste proceso selectivo estarán a disposición dos aspirantes antes do exame na paxina Web do Concello de Redondela no apartado emprego público.

Non poderán acceder o centro de exame aquelas persoas con síntomas compatibles con COVID-19, aquelas as que se lles diagnosticase a enfermidade aínda que non presenten síntomas y que no haxan finalizado o período de illamento domiciliario requirido, ou as que se atopen en período de corentena por haber tido contacto estreito con algunha persoa diagnosticada de COVID-19”.

En cumprimento do principio de igualdade nos procesos selectivos as persoas que se atopen nesta situación realizaráselles unha segunda e única convocatoria, en data que non altere o desenvolvemento normal do proceso. Para iso, deberán dirixir ao correo electrónico **persoal@redondela.gal**, a correspondente solicitude, no prazo máximo de tres días hábiles a contar dende o seguinte ao fixado para a realización da proba que corresponda, entendéndose desistido da súa participación en caso contrario. O tribunal fixará unha data alternativa para a realización das probas de que se trate, para as persoas que non podan participar nelas na data inicialmente sinalada, en caso de estar cumprindo unha medida de illamento ou corentena ou persoas diagnosticadas de Covid-19. En todo caso a solicitude de modificación da data de realización da proba, deberá acompañarse da documentación acreditativa da causa que impida a súa participación emitida por facultativo competente.

En caso de presentar síntomas de Covid-19 (tos, febre, dificultade respiratoria...) mentres está no exame, a persoa afectada será levada a unha sala illada, designada previamente.

4. Descrición da instalación

O evento celebrarase no Pavillón deportivo municipal de Redondela "A Marisma", Avda Mendiño, 34, na pista polideportiva que ten unhas dimensións de 1.542,43 m2.

En este espazo as mesas se disporán en filas e por orde alfabético empezando po la **letra (Y)**, gardando unha distancia de seguridade de como mínimo 1'5 m en todas as direccións.

O tribunal estará situado en mesas dispostas fronte o grupo de aspirantes, gardando tamén a distancia de como mínimo 1'5 m en todas as direccións.

O aceso os aseos estará indicado con carteis, así como as vías de saída da instalación.



CONCELLO DE REDONDELA

O pavillón consta de unha pista polideportiva, na planta baixa, aseos, vestiarios e oficinas, a un lateral da mesma, e un espazo mais alto nun dos extremos fronte da pista.

En unha segunda planta esta a zona de gradas, situadas encima dos aseos, vestiarios, etc.

O pavillón dispón de tres portas de entrada/saída en cada lateral, as do lateral que da a rúa teñen acceso dende os distintos espazos do mesmo, como son vestiarios, oficinas, vestíbulo, etc, as do outro lateral dan a aceira no lado do río. Dúas mais, unha en cada extremo, de entrada/saída directa e outras dúas, unha en cada extremo de acceso para os deportistas.

Tamén dispón de ventás o largo da pista a nivel da segunda planta.

Os aseos teñen acceso directo dende a pista na que se celebrará o evento.

Distintas portas de acceso, vista interior:



Portas de acceso os aseos:



Pista polideportiva:





Fachadas exteriores do pavillón que dan a rúa:



Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C